O 20 de decembro de 2024 recíbese na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) un escrito da Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Política Social e Igualdade (en diante a consellería) no que se solicita o informe preceptivo en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) do devandito departamento.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria funcional xustificativa
- Memoria económica

O día 10 de xaneiro de 2025, a DXSAP remite á consellería un requimento no que se solicita que se complete o expediente e que se precisen ou concreten varias cuestións. O 11 de febreiro de 2024 a consellería remite á DXSAP estoutra documentación relativa ao mesmo expediente:

- Memoria funcional complementaria
- Acta de xuntanza cos sindicatos emitida o 11 de novembro de 2024
- Táboa de equivalencias

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, modifica a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, que pasa a denominarse Consellería de Política Social e Igualdade. Esta nova consellería prescinde da Dirección Xeral de Xuventude (anterior Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado) e asume dous novos centros directivos, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SEGUNDO. Obxecto da modificación

A modificación da RPT proposta ten por obxecto crear once postos de traballo, amortizar outros once postos e modificar as denominacións, as adscricións, os corpos ou escalas, as áreas funcionais, a formación e as observacións de determinados postos de traballo, que se relacionan a continuación, para axustar á RPT vixente as necesidades actuais.

TERCEIRO. Creacións

Proponse crear os once postos que se recollen no seguinte cadro:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN CÓDIGO DO POSTO	NIVEL	FORMA PROV.	GRUPO SUBGR.	CORPO ESCALA	ADSC. A.P.	OBSERVACIÓNS
GABINETE CONSELLEIRO/A	SECRETARIO/A DO/A CONSELLEIRO/A PS.C01.00.000.15770.004	20	LD[1]	A2-C1-C2	XERAL	A12[2]	
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA S. X. DE PERSOAL	XEFATURA NEGOCIADO RÉXIME ECONÓMICO DE PERSOAL PS.C02.00.003.15770.024	20	C[3]	A2-C1-C2	XERAL	AXG[4]	DISPOÑIBILIDADE HORARIA
D. X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	XEFATURA SECCIÓN DE ASESORAMENTO E PLANIFICACIÓN PS.C04.00.000.15770.163	25	C	A1-A2-C1	XERAL	AXG	
D. X. DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	SECRETARIO/A DO/A DIRECTOR XERAL PS.C08.00.000.15770.004	18	LD	C1-C2	XERAL	A12	
CENTRO DE MENORES SAN JOSÉ DE CALASANZ	EDUCADOR/A PS.C99.40.301.15001.026	20	C	A2	EMS2[5]	AXG	HORARIO ESPECIAL
CENTRO DE MENORES SAN JOSÉ DE CALASANZ	SUBALTERNO/A PS.C99.40.301.15001.072	10	C	AP	XERAL	AXG	XORNADA DE TARDE
RESIDENCIA DE MAIORES (PONTEVEDRA)	AUXILIAR DE CLÍNICA PS.C99.40.801.36001.055	15	C	C2	EDC[6]	AXG	HORARIO ESPECIAL
ESCOLA INFANTIL ELVIÑA	ESPECIALISTA EN XARDÍN DE INFANCIA TR.C99.40.402.27001.013	18	C	C1	EBS1[7]	AXG	
ESCOLA INFANTIL PARADAI	ESPECIALISTA EN XARDÍN DE INFANCIA TR.C99.40.402.27001.017	18	C	C1	EBS1	AXG	

[1] Libre designación.
[2] Adscrición indistinta a funcionarios/as da Xunta de Galicia, Estado, comunidades autónomas e Administración local.
[3] Concurso.
[4] Adscrición exclusiva a funcionarios/as da Xunta de Galicia.
[5] Especial (escala de técnicos/as facultativos/as, especialidade de educadores/as.
[6] Especial (escala de auxiliares de clínica).
[7] Especial (escala de axentes técnicos/as facultativos/as, especialidade de educación infantil.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN CÓDIGO DO POSTO	NIVEL	FORMA PROV.	GRUPO SUBGR.	CORPO ESCALA	ADSC. A.P.	OBSERVACIÓNS
ESCOLA INFANTIL ANTELA	ESPECIALISTA EN XARDÍN DE INFANCIA TR.C99.40.402.32001.024	18	C	C1	EBS1	AXG	
ESCOLA INFANTIL O TOXO	ESPECIALISTA EN XARDÍN DE INFANCIA TR.C99.40.402.36001.015	18	C	C1	EBS1	AXG	

Na memoria complementaria remitida, xustifícanse estas creacións para o correcto funcionamento dos servizos e dos centros, para o correcto cumprimento das ratios de persoal establecidas na normativa autonómica, e tamén por razóns de seguridade e benestar das persoas usuarias e para incidir na calidade dos servizos prestados.

A seguir, expóñense os datos expostos pola consellería que xustifican as creacións anteriores:

-Un posto de secretario/a do/da conselleiro/a dependente do Gabinete do conselleiro/a, forma de provisión LD, aberto a funcionarios/as da Administración local, da Administración Xeral do Estado e doutras comunidades autónomas, co fin de aumentar as posibilidades de cobertura.

-Un posto de xefatura de negociado de Réxime Económico de Persoal, con nivel 20, na Secretaría Xeral Técnica, dentro do Servizo de Persoal, con funcións en materia de habilitación, para reforzar o servizo e apoiar as dúas xefaturas de sección e a xefatura de negociado administrativo de habilitación existentes.

Polo que se refire a este posto, recoméndase recoller na súa denominación referencia ás funcións de habilitación que realizará, do mesmo modo que sucede co posto similar, xa existente (con código PS.C02.00.003.15770.030), ao que apoiará no exercicio das súas funcións.

-Un posto de xefatura de sección de Asesoramento e Planificación na Dirección Xeral de Inclusión Social con funcións transversais neses dous ámbitos debido á carga de traballo derivada de diversos programas europeos que xestiona este centro directivo.

-Un posto de secretario/a do/da director/a xeral dependente da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, forma de provisión LD, aberto a funcionarios/as da Administración local, da Administración Xeral do Estado e doutras comunidades autónomas, co fin de aumentar as posibilidades de cobertura.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-Un posto de subalterno/a con xornada de tarde no Centro de Menores San José de Calasanz para mellorar a organización diaria do centro substituíndo un posto de subalterno con nocturnidade, que se amortiza.

-Un posto de educador/a no Centro de Menores San José de Calasanz para reforzar a atención socioeducativa neste centro.

-Un posto de auxiliar de clínica na Residencia de Maiores de Pontevedra para colaborar, en función das necesidades, cos departamentos de terapia ocupacional ou fisioterapia e facilitar o seu traballo.

A maoires destes sete novos postos, proponse crear outros catro técnicos/as especialistas en xardín de infancia, un en cada unha das escolas infantís que se mencionan a seguir. Esta proposta consiste en engadir un posto de reforzo co fin de equilibrar a situación coas demais escolas e garantir que todas elas conten cun número adecuado de educadores/as para facer fronte ás demandas actuais deste servizo:

-Un posto de técnico/a especialista en xardín de infancia na escola infantil de Elviña debido a que ten sete unidades, cento sete prazas, unhas instalacións de gran superficie e aulas distribuídas en dúas alas do edificio.

-Un posto de técnico/a especialista en xardín de infancia na escola infantil de Paradai debido a que ten oito unidades, cento quince matriculados e unhas instalacións de gran superficie.

-Un posto de técnico/a especialista en xardín de infancia na escola infantil de Antela debido a que ten gran volume de nenos e nenas, unhas instalacións de gran superficie e un horario de apertura bastante amplo.

-Un posto de técnico/a especialista en xardín de infancia na escola infantil do Toxo debido a que ten sete unidades, matrícula completa, unhas instalacións divididas en dúas plantas e de acceso complicado pola planta baixa.

CUARTO. Amortizacións

Proponse amortizar os seguintes once postos, todos eles vacantes salvo o primeiro deles, que está ocupado:

-Un posto de secretario/a de apoio, nivel 18, dependente do Gabinete do/da conselleiro/a (código PS.C01.00.000.15770.003).

-Un posto base subgrupo C2, nivel 12, dependente da Secretaría Xeral Técnica (código PS.C02.00.000.157700.60).

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

-Un posto de psicólogo, nivel 22, na Dirección Xeral de Inclusión Social (código PS.C04.00.000.15770.111).

-Dous postos de subalterno/a, nivel 10, no Centro de Menores San José de Calasanz (códigos PS.C99.40.301.15001.070 e PS.C99.40.301.15001.071).

-Un posto de oficial 1ª mantemento, nivel 18, da Residencia de Maiores de Pontevedra (código PS.C99.40.801.36001.026).

-Un posto de oficial 1ª de cociña, nivel 16, da Escola Infantil Santa Susana (código TR.C99.40.401.15770.019).

-Un posto de peón especializado/a, nivel 10, na Escola Infantil de Elviña (código TR.C99.40.402.15001.027).

-Dous postos de especialistas de xardín de infancia, nivel 18, na Escola Infantil de Vite (códigos TR.C99.40.402.15770.016 e TR.C99.40.402.15770.018).

-Un posto de especialista en xardín de infancia, nivel 18, na Escola Infantil Virxe de Covadonga (código TR.C99.40.403.32001.004).

QUINTO. Modificacións

As modificacións propostas refírense a cambios de denominación, de adscrición, de corpos ou escalas, de área funcional, de formación específica ou nas observacións.

As mais salientables son:

Modificación de denominación

Proponse que a Xefatura de Secretaría do/a conselleiro pase a denominarse secretario/a do/da conselleiro/a (código PS.C01.00.000.15770.001).

Proponse que o posto de secretario/a (secretario/a xeral da igualdade) (código PS.C09.00.000.15770.001) pase a denominarse secretario/a do/a director/a xeral.

Modificación de adscrición a outras administracións

Proponse que o posto de secretario/a do/da conselleiro/a (código PS.C01.00.000.15770.001) e o posto de secretario/a do/a secretario/a xeral (código PS.C02.00.000.15770.001) se abran a persoal da Administración local para facilitar a cobertura de ditos postos.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Proponse que o posto de director do Centro Galego de Desenvolvemento integral (CEGADI) (código PS.C06.00.004.15770.002), pase de "adscrición exclusiva a funcionarios/as da Xunta de Galicia" a estar aberto a "funcionarios/as do Estado e CC. AA., persoal estatutario do Sergas e persoal laboral da Xunta de Galicia" debido a que o novo modelo asistencial de coidados sanitarios intermedios que se vai levar a cabo no centro vai supoñer un reto para o sistema sociosanitario, caracterizado por unha dependencia médica e social, e a posibilidade de recuperación funcional dos usuarios

Modificación de corpos/escalas

Proponse que o posto Xefatura do Servizo de Recursos e Equipamentos para a Discapacidade (código PS.C05.00.001.15770.020) pase de corpo "xeral" a "especial (escala técnicos facultativos, especialidades de terapia ocupacional, psicoloxía e traballo social)" porque considérase que para desenvolver as funcións que ten asignadas o posto requírese dun perfil profesional especializado que aglutine o coñecemento das características propias das persoas con discapacidade e dos requisitos que os centros deben cumprir para axustarse as súas demandas.

Modificación de área funcional

Proponse que a Xefatura de Servizo de Xestión Económica da Xefatura Territorial de Lugo (código PS.C99.10.000.27001.140) e a xefatura de negociado administrativo da mesma xefatura territorial (código PS.C99.10.000.27001.216) pasen á área funcional económico-orzamentaria.

Modificación de formación específica

Proponse que o posto base susbgrupo A1 (código PS.C99.10.000.36560.410), dependente da Xefatura Territorial de Vigo, inclúa o mérito de "licenciado/a ou grao en dereito".

Como xustificación desta modificación proposta sinálase na memoria que as funcións propias do posto son totalmente xurídicas.

Modificación de observacións

Proponse que dous postos de subalterno/a da Casa do Mar de Galicia (códigos PS.C99.30.201.15001.010 e PS.C99.30.201.15001.011) recollan a observación "quendas de mañá e tarde" para adaptar a RPT ao horario real dos postos.

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Proponse que dez postos dos seguintes centros recollan a observación "horario especial" para adaptar a RPT as necesidades dos centros e ao horario real dos postos:

-Residencia asistida de maiores (Oleiros): os catro postos de médico/a (códigos PS.C99.40.801.15770.007, PS.C99.40.801.15770.008, PS.C99.40.801.15770.009 e PS.C99.40.801.15770.010.

-Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes (Vigo) : os seis postos de médico/a (códigos PS.C99.40.800.36560.017, PS.C99.40.800.36560.018, PS.C99.40.800.36560.019, PS.C99.40.800.36560.020, PS.C99.40.800.36560.021 e PS.C99.40.800.36560.550).

SEXTO. Custos

Non obstante o anterior, en relación coa memoria económica pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SEXTO. Sentido do informe

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, emite **informe favorable** sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Política Social e Igualdde.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

(Documento datado e asinado dixitalmente na marxe)

SUBDIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 28/02/2025 12:19:06

CVE: pCpFsh6X5Au7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es